

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto:

- Non é un asunto banal este dun buraco no colchón. Ata agora sabíamos **que** as longas esperas nun ambulatorio son o mellor remedio para recuperar o sono atrasado, que a antesala de urxencias permite establecer relacións humanas impensables na vertixe cotiá, **pero** descoñecíamos a apaixonante experiencia de durmir sobre un furo
- 5 co despois de saír dun quirófano. Os pacientes queíxanse **porque** ese é o seu papel, pero deberían mirar as cousas polo lado positivo. Mentres un se preocupa de non desaparecer polo buraco do colchón, esquece a orixe do seu mal, a causa do seu internamento. É o que en artillería se chama branco auxiliar, unha manobra de distracción. Non creo **que** os colchóns teñan un buraco adrede, porque no hospital son boa xente e
- 10 andan a administrar as miserias **que** a administración adica á renovación do equipamento sanitario, pero, postos así debería patentarse o invento. O furaco no colchón é un mellor sistema para distraer da doenza que, por exemplo, a televisión. Todo o mundo dando brincos, pegando alegremente tiros pola rúa, bebendo licores, gañando cartos, desfacendo camas amorosamente... Coa televisión diante, o enfermo decátase
- 15 dobremente da súa, nosa, triste condición. Pola contra, un buraco non se resigna ó seu entorno senón que dalgún xeito debe rebelarse, debe poñer en funcionamento todos os seus recursos. Cando o buraco se fai insoportablemente presente, o enfermo xa ten esquecido o motivo real polo que foi conducido ó centro sanitario.

Manuel Rivas, 1988